



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE ABRIL DO 2025.

Sesión 06/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE») D. Emilio Graña Mosquera («BNG») <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 24 de abril do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de abril do 2025 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 05/2025).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 05/2025, ordinaria do 27 de marzo.

Non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



2º.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE ASIGNACIÓNS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), comenta previamente que como resultado do ditaminado (con abstención) pola Comisión Informativa Xeral (CIX) o 21 de abril do 2025 produciuse unha variación na redacción da proposta de acordo, que di que se lles remitiu os grupos o pasado luns, preguntando se están de acordo con ela e explicando que consiste en recoller o que din exactamente as bases de execución (orzamentarias) na dita proposta de acordo.

A secretaria dá lectura á redacción definitiva da proposta de acordo logo da variación introducida e que se reproduce a continuación:

«PRIMEIRO.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o pasado 7 de xullo de 2023 relativo ao establecemento e regulación das asignacións económicas para os grupos políticos municipais, quedando redactado como segue:

Establecer unha asignación económica destinada ao financiamento dos gastos de funcionamento de cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará no prazo máximo dun mes dende a preceptiva xustificación dos gastos executados. Esta xustificación deberá realizarse cunha periodicidade mínima semestral e máxima mensual a través de memoria subscrita polo seu portavoz descritiva dos gastos por importes e conceptos, explicando a relación dos mesmos co funcionamento do Grupo Político Municipal e acompañada de facturas orixinais ou copias cotexadas emitidas a nome do grupo.

Os grupos políticos poderán realizar achegas aos partidos políticos con cargo á asignación que lles corresponda. Os gastos deben facer referencia a servizos prestados polo partido ao grupo político vencellados ao funcionamento deste. Xustificaranse de acordo co previsto no parágrafo anterior e en todo caso con achega das facturas xustificativas do gasto emitidas a nome do partido.

A solicitude do grupo as achegas poden ser anticipadas por semestres naturais, debendo ser xustificadas nos termos previstos no presente acordo no prazo de 1 mes dende a finalización do dito período. En caso de que a achega non sexa debidamente xustificada procederá a tramitación do reintegro da mesma. Non se realizarán novos anticipos en tanto non estea aprobada a xustificación da entrega anterior.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

SEGUNDO.- Que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento».

Interven en o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen anuncia a abstención do seu grupo e o sr. Villar López (SM), quen anuncia tamén a abstención do seu grupo.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 11 (7 SM e 4 UPSA).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o pasado 7 de xullo de 2023 relativo ao establecemento e regulación das asignacións económicas para os grupos políticos municipais, quedando redactado como segue:

Establecer unha asignación económica destinada ao financiamento dos gastos de funcionamento de cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 250 €, e un compoñente variable de 75 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará no prazo máximo dun mes dende a preceptiva xustificación dos gastos executados. Esta xustificación deberá realizarse cunha periodicidade mínima semestral e máxima mensual a través de memoria subscrita polo seu portavoz descritiva dos gastos por importes e conceptos, explicando a relación dos mesmos co funcionamento do Grupo Político Municipal e acompañada de facturas orixinais ou copias cotexadas emitidas a nome do grupo.



Os grupos políticos poderán realizar achegas aos partidos políticos con cargo á asignación que lles corresponda. Os gastos deben facer referencia a servizos prestados polo partido ao grupo político vencellados ao funcionamento deste. Xustificaranse de acordo co previsto no parágrafo anterior e en todo caso con achega das facturas xustificativas do gasto emitidas a nome do partido.

A solicitude do grupo as achegas poden ser anticipadas por semestres naturais, debendo ser xustificadas nos termos previstos no presente acordo no prazo de 1 mes dende a finalización do dito período. En caso de que a achega non sexa debidamente xustificada procederá a tramitación do reintegro da mesma. Non se realizarán novos anticipos en tanto non estea aprobada a xustificación da entrega anterior.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

SEGUNDO.- Que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

3º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de marzo (núm. 547) ata o 16 de abril do 2025 (núm. 775).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de marzo (núm. 547, do expediente 2025/G003/000526) ata o 16 de abril do 2025 (núm. 775, do expediente 2025/G003/000798), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), destaca o decreto da liquidación do orzamento do ano 2024 (núm. 743/2025, do 11 de abril), desagregando e facendo unha comparanza dalgúns datos con respecto do exercicio anterior (2023), poñendo de manifesto a evolución do concello neste eido segundo indica.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) intervéñ por unha cuestión de orde para lle dar conta á presidencia que semella que hai problemas no que atinxe á retransmisión da sesión, que non se estaría a poder ver; logo das comprobacións para os efectos, o presidente aclara que non poderá verse en directo mentres que non se restaure a rede pero que con todo a sesión estase a gravar e logo estará a disposición de todos.

B. Mocións.

Única.- Moción relativa á promoción da catalogación urbanística do Grupo de Viviendas de los Marineros Virgen del Carmen en Fontán (1967) e do edificio da Sociedad Recreativa, Cultural y Deportiva de Sada (1962) no PXOUM.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) xustifica a urxencia da moción, achegada como concelleira do Grupo Municipal Mixto PSdeG-PSOE e BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da devandita moción.

A continuación, a sra. Pena dá lectura á moción, cuxo texto reproducése a continuación literalmente:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000006

«Dña Almudena Pena Alvarez, concejal del Grupo Municipal Mixto PSdeG-PSOE-BNG del Ayuntamiento de Sada, al amparo del artículo 64.1 del ROM presenta para la consideración del Pleno la siguiente

MOCIÓN

PARA PROMOVER LA CATALOGACIÓN URBANÍSTICA DEL GRUPO DE VIVIENDAS DE LOS MARINEROS VIRGEN DEL CARMEN EN FONTÁN (1967) Y DEL EDIFICIO DE LA SOCIEDAD RECREATIVA, CULTURAL Y DEPORTIVA DE SADA (1962) EN EL PXOUM.

Toda época tiene edificios emblemáticos que van más allá de su función arquitectónica y se convierten en símbolos culturales, sociales o económicos, que definen la identidad de un lugar. Ya han pasado más de 50 años, medio siglo, desde la construcción de los que aquí mencionamos. Tiempo suficiente para que reconozcamos su importancia como referencias del pensamiento arquitectónico de una época.

Ambas construcciones diseñadas por el reconocido arquitecto Fernández Albalat, constituyen un testimonio inequívoco de la evolución cultural, social y urbana de nuestra localidad. Su catalogación y adecuada protección contribuirán a preservar y promover un legado que enriquece la historia de Sada.

Esta moción, propone al pleno, reconocer el valor histórico, artístico y simbólico de ambos edificios, no solo para salvaguardar un legado arquitectónico único, sino que también para reforzar el compromiso del Ayuntamiento con la protección y revalorización del patrimonio de Sada. Andrés Fernández Albalat (A Coruña, 1924-2019) fue uno de los arquitectos más destacados de la Galicia del siglo XX.

Fernández Albalat estudió arquitectura en la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid, donde entró en contacto con las corrientes internacionales de la arquitectura contemporánea. En sus primeros años de ejercicio profesional, se inspiró en los principios del funcionalismo, el racionalismo y el uso de nuevas tecnologías y materiales, y a lo largo de su extensa carrera, buscó integrar la innovación arquitectónica con la identidad local de Galicia.

Albalat fue uno de los arquitectos que introdujo y consolidó en Galicia las tendencias del 'funcionalismo', 'racionalismo' o 'estilo internacional' que estaban siendo desarrolladas en otras partes de Europa. Fue capaz de entender que la modernidad debía adaptarse a las necesidades y al contexto gallego, por eso en sus proyectos además de la funcionalidad y la racionalidad característica de este estilo, tiene también cabida la sensibilidad hacia el entorno y la cultura local. Albalat demostraba que la modernidad puede, y debe, dialogar con sus raíces.

Las obras más emblemáticas de Andrés Fernández Albalat incluyen edificios públicos y privados, residenciales e industriales reconocidos internacionalmente como la Fábrica de Coca-Cola o el Concesionario de SEAT en A Coruña, en los que la funcionalidad, la claridad de formas y la armonización con el paisaje son elementos de identidad.

En Sada tenemos la fortuna de disponer de una destacada muestra de la obra de este afamado arquitecto: el Grupo de Viviendas de los Marineros "Virgen del Carmen" en Fontán (1965), la Iglesia de San Martín de Meirás (1966), el Museo Carlos Maside (1970), o la Sede de la Sociedad Recreativa Cultural y Deportiva de Sada (1962), estos son algunos ejemplos claros de un estilo que adapta una arquitectura moderna (no siempre valorada y comprendida) al contexto de una ciudad pequeña y tradicional.

Ambas construcciones, las viviendas Virgen del Carmen y La Sociedad, reflejan muchos de los aspectos claves de la arquitectura de Albalat que apuesta por la nueva estética del momento, que prioriza la funcionalidad, la claridad de espacios y la integración de la luz natural. siguiendo los principios de planta y fachadas libres, uso de pilotis (pilotes, columnas), líneas limpias y racionales, creando eficiencia espacial y estructural.

GRUPO DE VIVIENDAS DE LOS MARINEROS VIRGEN DEL CARMEN EN FONTÁN (1967)

En este proyecto Albalat aúna el concepto vanguardista "mat building" con la vivienda vernácula del marinero, pescador.

Se repiten de forma armoniosa las estructuras modulares en un desarrollo horizontal. Interconectando e integrando espacios públicos (calles, escaleras) y privados (patios, casas).

EDIFICIO DE LA SOCIEDAD RECREATIVA, CULTURAL Y DEPORTIVA DE SADA (1962).

La obra del edificio de la Sociedad de Sada refleja aspectos clave de la arquitectura de Fernández Albalat:

- El uso de la luz natural: la luz juega un papel esencial, tanto en la distribución de los espacios como en la creación de ambientes. Su atención a la orientación y el uso de grandes ventanales es un rasgo característico.
- Innovación en materiales y técnicas: el hormigón, el vidrio y el metal se combinan con elementos más tradicionales como la piedra.
- Adaptación al contexto buscando la integración de la obra en el paisaje y el entorno natural sin que se percibieran como ajenas.

Para el local de La Sociedad, Albalat realiza una propuesta que busca el equilibrio entre la innovación, entre las formas arquitectónicas de vanguardia, y la integración con el entorno, con el paisaje, el mar y con la luz natural. Propone y diseña un espacio diáfano, de planta libre, multifuncional, que quiere integrar a través de grandes ventanales el motor secular de la economía de la villa, que es el paisaje de la ría de Sada, creando un edificio que anhela ser centro donde satisfacer la creciente demanda de actividad social y cultural que sirvió de germen al proyecto.

La institución Sociedad Recreativa Cultural y Deportiva de Sada se crea en diciembre de 1961 con la intención de cubrir las deficiencias de la ciudad en el ámbito cultural, recreativo y deportivo.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000006

En sus inicios tuvo su sede, unas simples oficinas para la inscripción de socios, en unas instalaciones alquiladas en un edificio de la Plaza de España, donde luego se construyó el hoy desaparecido Banco Pastor.

Las limitaciones del edificio y el progresivo incremento de asociados, contribuyeron a que al poco tiempo se trasladase a otro local en los jardines de la Avenida da Mariña, frente al edificio de La Terraza donde empezó a funcionar La Sociedad como tal: como lugar de tertulias, encuentro entre amigos, o espacio donde disfrutar de novedades como la televisión.

El proyecto era tan atrayente para la sociedad sadense que, en poco tiempo se alcanzó la cifra de 500 socios (la población sadense rondaba los 7000 habitantes) Fue tal la aceptación que desde sus inicios, se planteó la posibilidad o necesidad de disponer de un edificio propio.

Al principio de la playa de las Delicias, próximos a la desembocadura del río Mayor y separados del arenal por un pequeño muro, existían unos terrenos donde se secaban las redes, se varaban los botes para protegerlos del temporal, se curaba el pescado o se tendía la ropa a orear.

Existieron diferentes ideas para ocupar ese espacio: construir viviendas sociales, que finalmente se edificarían en Fontán; ubicar la Ayudantía de Marina, que se levantaría en el puerto y que hoy se ha convertido en esta Casa Consistorial,... o levantar un edificio sociocultural como el que en febrero de 1962 propone Andrés Fernández Albalat-Lois cuando entrega a la Sociedad Recreativa Cultural y Deportiva de Sada un anteproyecto para la construcción de un “Casino” en esa parcela de la Avenida de la Playa.

Siendo alcalde Don Guillermo del Valle Ordieres, se promovió la solicitud de la S. R. C. y D. de Sada para construir un edificio en “unos terrenos destinados a andén en la zona de la playa” y el 30 de junio de 1962 dichos terrenos fueron cedidos a La Sociedad.

El 15 de julio de 1962 se colocó la primera piedra para desarrollar el proyecto realizado por el destacado arquitecto Don Andrés Fernández Albalat-Lois.

La Sociedad, por sí misma, como inmueble, tiene relevancia por su valor arquitectónico y patrimonial, pero además hay que tener en cuenta el valor social y cultural de la entidad.

Desde su inauguración, el edificio ha sido un referente en la vida cultural, deportiva y recreativa de Sada, albergando actividades de todo tipo que han favorecido el desarrollo de la formación en distintas disciplinas a varias generaciones de sadenses.

La Sociedad ha desempeñado un papel fundamental en la dinamización social y económica del municipio. Constituye un símbolo de la identidad de Sada como escenario de importantes eventos que han marcado y marcan parte de nuestra historia. Su función como lugar de encuentro y de participación social refuerza su vínculo con la comunidad.

Debido a su valor arquitectónico, histórico, social y cultural, el primer paso para su protección ha de ser la catalogación del edificio pero el segundo paso. y por todas las razones mencionadas, sería aconsejable su declaración como Bien de Interés Cultural (BIC) ya que garantiza su preservación, su integridad física y la preservación y difusión de su legado para futuras generaciones.

PROPUESTA DE ACUERDO

Por todo lo expuesto, solicito al Pleno del Ayuntamiento de Sada que adopte el siguiente acuerdo:

- 1. Iniciar el expediente para la catalogación urbanística del Grupo de Viviendas de los Marineros Virgen del Carmen, ubicadas en Fontán por su trascendencia arquitectónica*
- 2. Comenzar con el expediente para la catalogación urbanística y futura declaración como Bien de Interés Cultural (BIC) del edificio sede de la Sociedad Recreativa Cultural y Deportiva de Sada ubicado en la Calle de la Playa, por su relevancia arquitectónica, histórica, social y cultural.*
- 3. Solicitar a la Consellería de Cultura, Educación e Universidade de la Xunta de Galicia a proceder con la tramitación del expediente correspondiente para la inclusión del mencionado edificio en el Catálogo de Bienes de Interés Cultural de Galicia.*
- 4. Comprometerse a promover acciones que garanticen la conservación y difusión de este importante patrimonio arquitectónico y cultural, fomentando su uso responsable y adecuado para las futuras generaciones».*

Mais o longo da lectura a sra. Pena comenta que vai suprimir o punto 3, pois estaría incluído no punto 2 como un proceso, pasando a ser punto 3 o que figuraba inicialmente como punto 4.

A continuación procédese ao debate da moción comezando coa intervención do sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen mesmo propón a seguinte emenda:

- 1. O Pleno da Corporación acorda que se inicie o expediente para a inclusión no catálogo de patrimonio do PXOM, no tomo 7, punto 1, apartado 2, de arquitectura civil, o edificio da Sociedade de Sada e as denominadas Casas dos Mariñeiros de Fontán, ámbalas dúas construcións realizadas con proxectos técnicos asinados polo arquitecto Andrés Fernández Albalat.*
- 2. O Pleno da Corporación acorda que se realicen accións tendentes a promover e garantir a conservación e difusión do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural de Sada co fin de asegurar o seu legado ás futuras xeracións.*
- 3. O Pleno da Corporación acorda facultar o alcalde para realizar cantas accións sexan precisas para dar cumprimento a estes acordos.*

Interveñen despois a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e o sr. Villar López (SM), quen



mesmo propón outra emenda, que se reproduce a continuación:

O Pleno da Corporación acorda, para os efectos da posible catalogación patrimonial, coa figura e nivel que corresponda para os bens inmobles do Grupo de Vivendas dos Mariñeiros de Fontán e do edificio da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Sada, proxectos ambos do arquitecto Fernández Albalat, instar á Alcaldía-presidencia a que ordene aos servizos municipais de Urbanismo a realización dun informe sobre a procedencia ou non de tal catalogación, sen prexuízo de encargar outros informes a outras entidades como podería ser tamén a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.

Volven intervir a sra. Pena, quen antes de se pronunciar sobre se acepta ou non as emendas indaga máis sobre as distintas posturas; o sr. Graña, quen anuncia que de se aceptar a súa emenda ha votar a favor e noutro caso hase abster; o sr. Villar, quen anuncia que de aceptarse a súa emenda o seu grupo ha votar a favor e que no caso de se manter a moción tal e como chega a este Pleno o seu voto ha ser en contra; novamente a sra. Pena; o presidente, sr. Portela; de novo o sr. Villar; a secretaria, quen fai a advertencia de que o que se está a propoñer polo grupo de Sadamaioría non ten contido de moción, por se instar nela ao alcalde, polo que non podería formar parte de emenda ningunha; de novo a sra. Pena, quen tratando de chegar a unha redacción de consenso indica en definitiva que pode suprimir entón o relativo á declaración de BIC; o sr. Graña, quen di que en resumo iso é aceptar a súa emenda; outra vez a sra. Pena; o presidente, sr. Portela, quen amosa agora a conformidade do seu grupo toda vez que a discrepancia era pola inviabilidade que lle vían á declaración de BIC; outra vez a sra. Pena, contextualizando; o sr. Villar, facendo algunhas aclaracións e de novo a sra. Pena e o sr. Villar.

A continuación, procédese á votación da nova proposta de moción da sra. Pena, quen a le previamente, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (7 SM, 4 UPSA e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 4 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1. Iniciar o expediente para a catalogación urbanística do Grupo de Viviendas de los Marineros Virgen del Carmen, situadas en Fontán, pola súa transcendencia arquitectónica.
2. Iniciar co expediente para a catalogación urbanística do edificio sede da Sociedad Recreativa, Cultural y Deportiva de Sada, situado na rúa da Praia, pola súa relevancia arquitectónica, histórica, social e cultural.
3. Comprometerse a promover accións que garantan a conservación e difusión deste importante patrimonio arquitectónico e cultural, fomentando o seu uso responsable e adecuado para as futuras xeracións.

C. Rogos e preguntas.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), facendo un inciso indica que xa se restableceu a emisión no momento no que estaba a facer a súa exposición a sra. Pena.

A continuación prodúcese unha interrupción pola irrupción dun espontáneo saído de entre o público asistente, quen malia que o presidente lle pide por favor que sente coloca un retrato de El-Rey na parede do fondo, á esquerda da Presidencia, mentres que di que é unha pena que non se cumpra a legalidade neste concello, que hai dous anos que non está o retrato; o presidente pola súa parte di que non teñen inconveniente ningún, mais que tampouco sabe se ese é o retrato correcto (oficial).

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai os seguintes rogos e preguntas:

1º) Roga que se revise, que se lle dea unha volta ao regulamento de participación cidadá:

«'Bueno', me 'retrotraio' a un rogo que fixen, ¿no anterior Pleno? Igual o que temos que 'plantexarnos', isto é improvisado e entón non sei, igual o que temos que 'plantexarnos' é retomar, non sei como está lexislado no concello, non o teño claro, non o mirei, non tiven tempo porque isto foi improvisado, é a regulación da participación cidadá neste concello porque este tipo de eventos non son moi normais, creo que é unha falta de respecto á Corporación e paréceme moi ben que a xente queira participar e que achegue as súas ideas, pero é que hai que canalizar as cousas porque...



(Prodúcese unha interrupción por intervencións do público, solicitando o presidente que por favor garden silencio e respecto e advertindo que noutro caso haberá que desaloxar o Pleno; continúa o sr. Graña)

... porque a xente que estamos aquí reunidos,...

(O presidente insiste en pedir silencio coa advertencia do desaloxo ao público asistente)

... que somos representantes públicos, tivemos que pasar pola criba de que nos voten, facer campaña, expoñer as nosas ideas, e creo que igual é o que ten que facer algunha xente do público para vir falar aquí, estaríamos encantados de escoitalos...

(O presidente volve insistir en pedir silencio, que non ten que pagar a xente que se está a comportar correctamente pola que non o está a facer)

... eu non dou clase de Sociais pero isto é democracia representativa e creo que estamos un pouco perdidos nese tema, entón igual alguén ten que lle dar outra volta aparte de que non sei que desa foto de aí, 'bueno', entón si que rogo que igual non era mala idea revisar ou lle dar unha volta entre todos e todas os representantes democráticos que estamos aquí ao regulamento de participación cidadá, xa que a xente ten tanta inquedanza en participar pois igual non é mala idea darlle unha volta a iso, noutros concellos teñen o escano do público, 'bueno', hai formas de regular este evento tan estraño que ocorreu agora que non me parece adecuado nin respectuoso coa democracia».

Continúa o sr. Graña di que xa cos rogos (mais tamén preguntas) que tiña preparados para esta sesión.

1ª) Pregunta que pasa con ese equipamento e roga (2º) que se poña a andar o Centro de Formación Ocupacional de Osedo, un recurso que di que leva anos sen se usar, xa que o concello conta con cartos para poder facelo.

Continúa segundo di coa seguinte «'pregunta-rogo', levo híbridos»:

2ª) Pregunta como vai o tema dos colectores do lixo e roga (3º) que se lle reclame rigor e seriedade ao Consorcio das Mariñas con respecto da xestión do cambio destes colectores e implantación do sistema da tarxeta, do que efectúa un comentario crítico que mesmo cualifica de caótico.

E remata co que denomina «a terceira pregunta-rogo»:

4º) Roga, previa a alusión á proximidade do Día das Letras Galegas, que se atenda o eido da nosa lingua galega, feito diferencial a nivel comunicativo que afirma que se atopa con problemas e sobre o que este goberno ten que mellorar moitísimo, con proxectos e poñendo máis recursos na área de dinamización lingüística e de fomento do uso do idioma.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) formula tamén as seguintes preguntas e fai os seguintes rogos:

3ª) Pregunta se é un dos obxectivos de mellora para a biblioteca ter máis persoal, aínda que sexa por períodos, por acumulación de tarefas ou vacacións, para manter e mellorar os servizos.

5º) Roga que se valore como un obxectivo, de ser o caso de que non o sexa.

4ª) Pregunta se está xa realizado o arranxo das pistas e a adaptación do baño para persoas discapacitadas en Meirás (Casa do Pobo) que se habían incluír nun remanente de crédito que había en xuño do ano 2024.

5ª) Pregunta, con relación á substitución á que se referiu o concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, Fernando Fariña, na sesión anterior, da tubaxe de auga da rúa do Castelo, en Fontán, de fibrocemento con amianto, se se lle deu parte á Xunta e fixeron as xestións adecuadas para residuos perigosos para retirala.

6º) Roga, de ser o caso de que se tivesen adoptado as ditas medidas, que se lle faciliten os albarás para a retirada e transporte desa xestión.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, fai un comentario sobre o rogo relativo ao Día das Letras Galegas (4º) e contesta á pregunta relativa á biblioteca (3ª): «*En canto ao tema da biblioteca, obviamente si; xa dixen no pleno pasado que o único xeito de ter unha actividade estable, un horario estable e permitir, obviamente, o descanso, as vacacións, os días de asuntos propios, as baixas médicas das dúas auxiliares que actualmente están é ter un terceiro. Está un traballador municipal, ordenanza na capela de san Roque, que está a botar unha man nese servizo. A día de hoxe xa temos incorporada a unha terceira auxiliar de biblioteca, que está precisamente na modalidade de acumulación de tarefas, polo tanto xa temos tres auxiliares, o servizo está completamente garantido e ese ordenanza que botaba unha man está precisamente facendo*



xa labores de ordenanza propiamente polas mañás na Casa da Cultura, así que agora mesmo o asunto tamén está bastante ben encamiñado».

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta á pregunta 2ª que vai tamén cun rogo con respecto dos colectores do lixo (3º): *«Comentar que desde o concello de Sada practicamente a diario mándanse incidencias e fálase co Consorcio sobre o tipo de retirada e de cambio de colectores que se está a facer, está habendo numerosas incidencias, ben é certo que si que están poñendo os colectores onde os poñen, os que non se han utilizar víranos, levan tempo virados, sei que desde onte ou antonte xa se están a retirar os antigos e están na fase, iso é o que me comentan a min os técnicos do Consorcio que xa digo practicamente falo a diario con eles e envíolles incidencias a diario. Semella que tiveron un problema tamén de loxística dos colectores que lles chegaban, que eran máis de catro mil, cos que tiñan que retirar, 'bueno', en fin, que aí tiveron un pequeno problema e quen o está sufrindo son os veciños. Está en fase de solución e como digo en Sada comezaron a retirarse os antigos ou onte ou antonte, non podo dicir exactamente o día».*

O sr. Fariña contesta tamén á pregunta sobre da obra da rúa do Castelo en Fontán (5ª): *«En canto á obra da rúa do Castelo, eu o outro día, no pasado pleno, din unha información que non era correcta. Eu tiña a información de que se cambiara a totalidade desa 'tubería' (tubaxe) de auga e cambiouse un tramo, está pendente o restante, cambiouse o tramo dende a rúa Sanjurjo Badía ata o primeiro cruce da rúa do Castelo, onde están as escaleiras, e está pendente de cambiar o seguinte tramo; non se quitou a tubaxe, deixouse, anulouse ese tramo e meteuse unha tubaxe por enriba de PVC, de poliuretano, e unha vez se poida pois acabarán o resto da rúa. Esa rúa a intención tamén é acondicionala en condicións, levantar todo, infraestruturas e todo para que quede mellor, evidentemente».*

Sra. Pena: *Perdón, pero esa tubaxe deixouse?, a que tiña amianto?*

Sr. Fariña: *Si, claro, está enterrada, como xa estaba.*

Sra. Pena: *E iso é legal?*

Sr. Fariña: *Estaba dando roturas, había problemas e procederon a cambiala, e no momento en que se levante a rúa enteira pois si cambiarase toda, pero está enterrada, esa tubaxe estaba levando auga ata ese día e enterrada ninguén vai ir alí e despois cando se levante a rúa enteira quitarase.*

Intervén novamente o sr. Villar, para ampliar información con respecto da programación para o caso do Día das Letras Galegas.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta relacionada coa Casa do Pobo de Meirás (2ª). A sra. Pena insiste en preguntar se se vai adaptar o baño. O sr. Berrocal contesta que si.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se é posible, por transparencia e por facilitar a comprensión do que se fala e contesta, se vaian contestando ás preguntas segundo se vaian formulando e non ao final.

Fai un inciso para comentar que está 'alucinada' porque acaba de oír, e di que quere pensar que é un erro ou algo así, que hai unha tubaxe de amianto que se viu, que se sabe, que se tapa e que seguía a levar auga, cando a nova lexislación deixa moi claro que no momento en que se descubre que hai unha tubaxe de amianto hai que retirala, que antes podía deixarse sen tocar e non pasaba nada, pero que agora hai a obriga de retirala, e que se está a falar de algo bastante grave.

2º) Roga, para os efectos de mellorar a seguridade no tránsito de peóns e condutores, poñendo distintos exemplos de incumprimentos que di que se están a dar, que se efectúe un estudio de seguridade, que se inspeccionen e revisen as estradas municipais identificando os distintos incumprimentos existentes en canto á sinalización ou ás instalacións como garda vías ou redutores da velocidade como os dos pasos sobreelevados de peóns (aqueles nos que se sitúa a súa rasante a un nivel lixeiramente superior ao do firme).

3º) Roga, facendo alusión a un proceso de selección de inspector-xefe da Policía Local que ha ter lugar agora, que se expliquen cales son os criterios para o nomeamento dos membros dos tribunais de selección de persoal, posto que lle chama a atención como exemplo que non estea neste caso a secretaria desta Corporación.



4º) Roga, con relación ás obras de mellora nas instalacións do Posto da Garda Civil, e outras, e logo de ter consultado o expediente para os efectos, con máis de once que lles chama reproches por parte da Deputación, referíndose a algúns deles, que polo menos se actualice a lexislación de aplicación á hora de presentar cousas, para que non se produzan atrasos, alargándose tempos e diñeiro e para que cando vendan un proxecto sexan serios e non nos deixen no lugar que nos deixan; mais que se ven que xa está arranxado e solucionado que por favor o confirmen.

Deseguido, polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro formula a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta, logo de mencionar causas como avarías, tormentas, canos (mesmo agora tamén auga por tubaxes de amianto) que fan que chegue a auga turbia, cal é o plan de emerxencia para garantir que cando hai unha avaría sigamos podendo ter auga potable nas casas, porque supón que haberá un plan de emerxencia.

A sra. Arias fai tamén estoutros rogos:

5º) Roga que se dea máis información con respecto do proxecto do río para tentar minimizar o risco de asolagamento en Sada, se se ha levar a cabo ou non, en que momento se atopa ou mesmo en que consistiría.

6º) Roga que se faga algo con relación aos carteis e ás fontes, pois di que non hai fontes que estean a funcionar, que os carteis de todo o paseo marítimo sobre aves e demais dan pena e que os carteis da oficina de turismo dan tamén pena, polo que non sabe cal é o atractivo que queren vender de Sada porque o que semella é que non queren que veña ninguén.

E remata a súa intervención dicindo que de verdade está a ‘alucinar’ coa pouca seriedade que hai co tema do medio ambiente o coa pouca seriedade que hai coa lexislación, pero que sigan niso.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Val Armesto continúa a facer máis preguntas:

2ª) Pregunta, con relación a todas as festas, feiras e eventos que veñen agora neste tempo no que vén a Sada moita xente de fóra a pasar o día ou que quedan a pasar días aquí, estando xa case case en maio, que se ha facer, que plan estrela temos para que esa xente consuma e compre ou merque aquí, en Sada.

3ª) Pregunta tamén por inquiredanzas veciñais se se ha facer ‘outlet’ e máis se se sabe algo xa da feira mariñeira.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, contesta á pregunta relativa á programación das festas (2ª): *Vale, obviamente temos moito planificado pero como lle acabo de dicir neste caso antes falando co sr. Graña antes temos moitísimo que executar, que se tiveramos agora todo, todo pechado é que non teríamos que traballar ata setembro e obviamente iso non é así, temos que facer antes e estamos agora cerrando a mostra de teatro, agora o Día do Libro, agora o Día da Danza, despois temos o día do Toulina Pop, despois temos o Día das Letras Galegas, despois temos san Xoán, despois temos as Festas do Carme, a Modernista, as Patronais, todo chegará no seu momento; temos moitísimo adiantado?, pois si, moitísima programación está adiantada e non ten ningunha dúbida de que todo se vai celebrar, pero ao cen por cen agora mesmo obviamente é imposible, non sei se coñece o departamento e a cantidade de xente que traballa alí, pero é imposible, imposible.*

Sra. Val: *A ver, a ver, ti cando programas un curso programas todo o curso, non vas agora programo ata aquí, agora como vén a festa programo, non, ti programas todo o curso, logo vas facendo cambios, pinceladas, vas traballando neste tema, noutro tema, pero iso faise así de toda a vida de Deus.*

Sr. Villar: *Daquela cal é a súa dúbida con respecto a iso?, as datas nas que se van celebrar ou quere saber exactamente a agrupación musical que vai subir un día determinado, ou sexa cal é a dúbida?*

Sra. Val: *Eu quero saber se hai planificación, se hai feiras, se xa pode vir a xente, porque senón van ir á do Burgo, van ir a outras feiras, e logo aquí pois somos catro, pois coma sempre porque sempre imos tarde, sempre imos tarde.*

Sr. Villar: *Creo que tende a mesturar cuestións de Promoción Económica con cuestións de Cultura, as de Cultura ten dous mercados que son o mercado mariñeiro das Festas do Carme e despois ten o mercado modernista durante a Feira Modernista, e ata aí, e obviamente están planificados, claro que si.*

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta con relación ás avarías no subministro da auga (1ª): *«Ao respecto do plan de continxencia cando se corta ou hai unha avaría na*



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000006

auga non hai ese plan, a cuestión é que hai un servizo de garda as vinte e catro horas, cando se produce algún tipo de avaría se a avaría é sinxela amáñase rápido e como a do outro día foi unha avaría moi potente e grande pois tardouse unhas cantas horas, si, pero isto sucede e todos os sitios».

A sra. Arias, insiste: *«Pero pódese facer un protocolo, ou non?, para previr se quedamos sen auga potable. É que existen, eh!».*

Intervén tamén o presidente, sr. Portela Fernández, ampliando información con respecto da substitución di que dunha cantidade importante nos últimos anos das tubaxes de fibrocemento existentes nos 155 km da rede municipal do abastecemento de auga, afirmando que a día de hoxe quedan algo menos de 6 km de rede de fibrocemento. A sra. Pena pregunta se quedaron soterradas e a sra. Arias di que cunha que quede sen substituír soterrada xa está mal.

O presidente insiste en que se fixo unha cantidade inxente e que seguirase a facer ata eliminalas todas, así como que non coñece ningún concello de Galicia que teña fibrocemento cero. A sra. Arias puntualiza que non teña non pero que teña un catálogo do que ten si, e que cando ve algo o retira tamén, e que o fai conforme co procedemento legalmente establecido tamén e que aquí non se cumpre con ningunha desas tres premisas.

O sr. Fariña di para os efectos: *«Cúmprese. Se me escoitou ben eu dixen que se ía proceder á retirada no momento oportuno, e acabouse, que hase levantar todo e sacar todo. Quedou soterrada e quitarase cando se remate».*

Sra. Arias: *«Por esa regra de tres está moi claro por que por dous mil euros non se quita o amianto de ningún lado, como teñen vostedes posto aí».*

O sr. España dille ao presidente que nos anos que levan gobernando dos 155 km apenas lles sae a 13 km por ano e o sr. Fariña di que pois 13 km de gabia 'coidadiño'. O presidente di que pensa que está respondido e que han seguir ata chegar a fibrocemento cero. Intervenien novamente a sra. Arias e o sr. Villar. O presidente di que ao mellor paga a pena contestar por escrito tanto a esta (pregunta) da auga como con respecto (do rogo) do río que ha comentar agora e darlles traslado a todos os membros da Corporación, dándose conta na seguinte sesión con maior precisión, porque percibe moita crispación cando se está respondendo de xeito transparente e real e con moita calma.

Con respecto do rogo referente ao río (5º), o presidente, sr. Portela Fernández (SM), comenta que Augas de Galicia ten un proxecto coa súa empresa contratada e os técnicos municipais entenden que non hai unha integración paisaxística o suficientemente coherente coa contorna urbana, que se contratou a un estudio de arquitectura para os efectos e estiveron reunidos desde o día oito, en que estiveron en Augas de Galicia traballando con eles, e que a partir de hoxe tanto o noso equipo técnico de integración paisaxística como o equipo redactor do proxecto de Augas de Galicia están traballando en conxunto para a procura dun proxecto dun maior consenso que consiga ese dobre obxectivo, o primordial polo cal se contratou que era diminuír o risco de asolagamentos e ao mesmo tempo favorecer a integración paisaxística da contorna urbana e que desde logo sexa dun contido social, medioambiental e de recuperación paisaxística da contorna urbana, así como que irán dicindo como van os avances e datos.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), refírese tamén ao rogo relativo á designación dos membros do tribunal de selección para a praza de inspector-xefe da Policía Local (3º) afirmando que o tribunal cumpre cos requisitos establecidos e entrando en debate coa sra. Arias:

Sr. Portela: *«O tema da Policía pois é un tribunal composto por membros da Axempol (asociación profesional de xefes de Corpo e mandos de Policía Local de Galicia), dos mandos dos axentes da Policía Local, e foi composto así; pedimos á Axempol e mandáronnos unha serie de xente de diferentes concellos, todos con moita solvencia e experiencia en procesos selectivos da Academia Galega de Seguridade».*

Sra. Arias: *«Pero non o elixiu vostede? Está dicindo que se elixe, que mandaron xente, entendo?».*

Sr. Portela: *«Nós pedimos aos diversos concellos unha serie de xente unha vez que consultamos coa Axempol, a axencia... non sei como son as siglas, son os mandos da Policía Local de Galicia».*



Sra. Arias: «Dígoo porque hai uns criterios que deben seguirse á hora de nomear tribunais, como que non haxa conflito de intereses, que sexan... que se demostre que a competitividade, formación, 'bueno', todas estas cosas, dígoo por se tiñan algo vostedes así en base. E logo a pregunta que ía engadida aí ademais era o caso de que non estea por exemplo a secretaria municipal».

Sr. Portela: «Non, non é necesario, pode estar e pode non estar, pode estar calquera membro que teña, sexa da categoría igual ou superior á praza que se dá; neste caso está unha orientadora laboral de secretaria do concello e o resto son policía, intendentos e inspectores principais da Policía Local».

Sra. Arias: «Ou sexa, non se ten por que invitar a que veña, nen sequera invitar, non? Digo, non se conta con iso, non o manda a lei, non sei estou preguntando que non o sei, estoullo preguntando a vostede; que raro, ves a composición do tribunal e ves que non hai ninguén do concello e é como raro, pero 'bueno', a ignorancia é atrevida tamén».

Sr. Portela: «Hai tres persoas do concello, ou sexa, teñen que ser da categoría igual ou superior á praza. Creo que hai tres A2 do concello de Sada e despois o resto son A1 da escala da Policía local, subinspectores, inspectores e inspectores principais; intendentos aínda non».

Sra. Arias: «E a revisión dun tribunal sempre se fai con con eses criterios que dixemos, entendo, que non haxa conflito de intereses, que sexa...».

Sr. Portela: «Por suposto, o tribunal cumpre cos requisitos establecidos».

Sra. Arias: «Grazas, é por sabelo; que quede gravado, grazas».

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, fai unha exposición con relación ao rogo sobre a sinalización viaria (2º) apoiándose nos informes técnico achegado polo grupo do PP e da Policía Local. A sra. Arias advirte de que nos casos de incumprimento de se producir un accidente ou un atropelo a responsabilidade ha ir sobre o concello.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta sobre o 'outlet' (3ª), puntualizando que desde o concello non se promove un 'outlet' como tal porque non ten esa capacidade que lle corresponde á Xunta de Galicia senón que o que se fai é unha feira de comercio do propio concello que adoita ser en agosto, que quedan catro meses aínda e que non se comezou preparar pero que se fala sempre antes cos comercios que normalmente sempre son os mesmos, pero que si está previsto que se realice.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, contesta á pregunta relativa á feira mariñeira (3ª), indicando que pensa que se refire ao mercado mariñeiro que vai englobado dentro das Festas do Carme e que polo tanto obviamente si está previsto realizalo. A sra. Val insiste en coñecer para cando está previsto que saian as bases. O sr. Villar contesta que para finais do mes de xuño debería estar todo rematado, que é tempo de sobra.

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, comenta con relación ao rogo sobre as obras no Posto da Garda Civil (4º), polas que pregunta a sra. Arias se se han facer ou non ou xa queda 'descatalogado':

«A ver, esas deficiencias que vostede relacionou do informe técnico da Deputación son todas emendables, agás unha, a cuestión da altura, que a normativa prevé un mínimo de 2,50 (m), a base en si ten 2,40 e por iso estase a analizar polos servizos técnicos do concello se tería cabida ese tema nalgũa excepcionalidade do Real Decreto 486/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. En canto teñamos unha resposta definitiva pois tomaremos a decisión. En todo caso, de non poder levarse a cabo esa reforma por cuestións técnicas os cartos non se perden, acumúlanse».

Sra. Arias: «A ver, pero hai un proxecto pagado».

Sra. Taibo: «Si, si, 'bueno', pero os cartos da subvención como di vostede do POS non se perden».

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), a raíz dunhas primeiras palabras da sra. Salorio, descúlpase porque di que nos rogos e preguntas non debiera haber debate e que por iso estendéronse demasiado. A sra. Salorio aclara que a súa observación non ía nese sentido.



Polo grupo municipal UPSA, a sra. Salorio Porral formula a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta, di que insistindo porque leva polo menos un ano facéndoa, sobre as licitacións que están pendentes, en particular como están as licitacións do SAF, da escola infantil Flora Ramos *Florita* e do mantemento da dita escola.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa, tamén por parte do grupo municipal UPSA, aclarando en primeiro lugar que tampouco cre que a sra. Salorio aludira a que se dilatasen as preguntas e as respostas ou que os rogos que non eran preguntas que non se puidesen tratar aquí senón que polo contrario consideran que a democracia é contestar a todas as preguntas que se fan e incluso dar traslado dos rogos. Dirixíndose á sra. Arias dille que claro que si que se poden responder as preguntas despois de facelas pero que non interesa, porque en definitiva desta maneira é máis doado que a xente se perda, que como xa comentaron ao mellor hai que cambiar o ROM e que hoxe engaden unha oportunidade máis, cambiar o ROM e tamén cambiar o regulamento de participación cidadá.

Continúa a sra. Nogareda interesándose polo non contestado en sesións anteriores:

a) Comenta que seguen á espera da lista oficial de obras que di que resultaron tan espectaculares dentro do concello de Sada que habían traerse a un pleno para tratalas como un punto.

b) Fai alusión ao bombeo do lugar do Tarabelo (Sada), que di que segue a botar para o río sen parar, así como que outros, como o do lugar de Lácere (Mondego), seguen sen electricidade.

c) Lembra tamén, despois destes días de tantas choivas, as inquedanzas que xa trasladaran sobre o lugar de Piñeiro (Meirás), de como vai toda a porcallada aos prados da xente e como chega ao final a Sada, fai mención ao xa comentado polos outros grupos con relación ás tubaxes de amianto e pon outros exemplos do que vai por onde non ten que ir e as súas consecuencias, que lles gustaría saber en que estado está todo isto e dicindo que o que hai é un ecoloxismo máis ben de pose, de foto, pero que o ecoloxismo no é iso senón solucionar todas estas cousas.

d) Interésase tamén novamente pola roza na avenida do párroco Villanueva e se xa por fin abriuse o expediente para determinar a titularidade dos terreos, que semella que non consta que sexan do concello, porque canto antes se abra ao mellor antes se remata e así os veciños poderán descansar tranquilamente.

e) Pregunta tamén polos contratos pendentes de licitación, indicando que xa recordaron na sesión anterior que o que se lles puxera á súa disposición non valía de moito porque moitos deles eran contratos que estaban en vigor, como o do Pazo de Meirás, o do servizo de socorrismo ou o do comedor escolar incluso, todos eles en vigor, cando polo que preguntan é polas licitacións actuais, relacionando algúns casos e o estado no que se atopan e dicindo que botan en falta outros, polo que agradecerían que se lles trasladase a información de como se está a traballar nestes pregos.

Deseguido, a sra. Nogareda continúa a formular preguntas polo grupo municipal UPSA:

2ª) Pregunta, en relación á limpeza viaria, por que están a traballar menos empregados dos que corresponden, porque non saben se houbo unha quita e hai un desconto na factura que paga o concello por ter menos empregados ou hai unha situación diferente que permita isto porque se hai un prego aínda que estea en precario que di que ten que estar un certo número de persoas pois teñen que estar porque o concello está a pagar por todas elas, que iso é tamén responsabilidade, iso son tamén cartos municipais, que pagar polos servizos prestados é pagar polo que se está contratando.

3ª) Pregunta se se lles podería aclarar unha situación sobre as obras no campo de fútbol de Carnoedo onde di que parece ser que se retirou unha terra, que en teoría terá que ir a un lugar habilitado para a retirada de residuos, pero que semella que se empregou para facer un recheo nun predio próximo que coincide con que é propiedade da familia dun concelleiro.

A sra. Nogareda fai tamén os seguintes rogos:



1º) Roga ao alcalde que non repita os seus pasos, que non engane á xente, logo de comentar que saíu este mes unha noticia sobre a sentenza relativa á corrección de erros que propoñía Sadamaioría, nomeadamente o sr. Portela como alcalde en febreiro do ano 2022, sobre a sentenza que pesaba en especial sobre o edificio de O Meu Lar, dicindo que curiosamente o TSXG considerou que o que hai que facer é unha modificación puntual do PXOM, para o que presentara unha emenda o seu grupo e que aprobaran os grupos de PP e PSOE porque os técnicos, tanto o arquitecto como a secretaria municipais, dicían que era unha medida máis garantista que había que apoiar.

Diríxese en especial ao sr. Villar nos seguintes termos: *«Díxome vostede, sr. Villar, nun Pleno, para quen traballaba eu? Pois está claro para quen traballo, para Sada, porque seguimos os informes dos técnicos que se basean en normativa, en xurisprudencia, en lexislación, non buscamos eses informes de opinión, basicamente, informes que por certo trae o sr. Portela a aquel expediente dun TAX (técnico de administración xeral) de Urbanismo, que tamén era afín ás siglas, ou da Deputación, que un informe dun arquitecto falaba de cuestións xurídicas, cousa que tamén nos chamara a atención, incluso creo lembrar que trouxera medio folio de informe xustificativo para xustificar esa corrección de erros do que era o avogado do concello, habería que repasar o que custou esa factura que non valía absolutamente para nada, basicamente. Góstame porque retomando todo isto traio a colación as propias palabras do sr. García Cotelo, que representaba, era un concelleiro do partido popular naquel momento, e dixo que era curioso que nun pleno onde sempre faltan informes pois nese punto sobaban, traíamos informes de máis para contrarrestar o resto. Pois está claro que non só nós traballábamos para Sada senón que quen facía os informes municipais tamén estaba traballando para Sada, non estaba ao servizo de ningún partido político».*

2º) Roga, tamén a raíz doutra noticia publicada, que traballen para facer, que a partir de agora se cumpran as previsións do orzamento e por exemplo se efectúe a retirada de toda a tubaxe de amianto, con base e logo dunha ampla análise dos datos da liquidación, nomeadamente do incremento do remanente, que di que foi no ano 2024 de 6.609.055,15, con respecto do de 2023, que foi de 4.821.504,89 euros, polo tanto cun aumento de 2,2 millóns, e facendo mención tamén á etapa na que ocupou a alcaldía.

A sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, contesta con relación á pregunta das licitacións (1ª): *«En canto á licitación do SAF, dicir que están os pregos rematados e estase traballando no concello para a retención do crédito e falta informar polos técnicos; da escola infantil estase traballando aínda nos pregos e están a punto de rematarse e despois en canto ás deficiencias que ten a escola infantil sabemos que si que hai un montón de cousas que amañar e habemos redactar un proxecto para englobar todo e amañalo».*

Sra. Salorio: *«Perdón, de que técnicos faltan os informes se o pode dicir».*

Sra. Martínez: *«Pois dos habilitados».*

Sra. Salorio: *«Pero están pedidos?».*

Sra. Martínez: *«Estaban traballando na retención do crédito en intervención».*

Sra. Salorio: *«Non preguntei pola retención de crédito, preguntei polo informe».*

Sra. Martínez: *«Aínda non está, están traballando niso».*

Sra. Salorio: *«Están pedidos?».*

Sra. Martínez: *«Está delegado en intervención; mentres que non estea o informe de intervención non se pasa a secretaría para un informe. Pero faltan os dous».*

Sra. Salorio: *«E por outro lado, espero que os pregos da escola non tarden tanto como os do SAF; gostaríanos. E falta unha pregunta, que han facer dentro dun mes cando remate o contrato».*

Sra. Martínez: *«Seguirán traballando as empresas, está falado con elas».*

Sra. Salorio: *«En que condicións?».*

Sra. Martínez: *«Nas que están agora».*

Sra. Salorio: *«Seguro?».*



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000006

Sra. Martínez: «Si».

Sra. Salorio: «*Habémolo ver!*».

A sra. Mourinho Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, contesta con relación á pregunta sobre as terras que se levantaron do campo de fútbol de Carnoedo (3ª) que non ten coñecemento e que preguntará.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), di tamén con respecto da pregunta sobre as licitacións (1ª) que se lles enviará a lista de todos os contratos pendentes, só a dos pendentes, porque antes pediran todos os contratos, que o de limpeza de locais si que está e que o de limpeza viaria é o que está máis atrasado, sen pregos redactados, e e do que indica que si que é necesario sacalo canto antes. E remata dicindo que como o resto son todo rogos pois non hai nada máis que responder.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 57 minutos do día xoves 24 de abril do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.